



## **EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 3 de setembro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

### **PRESIDE**

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

#### Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARÍA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ  
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 3 de setembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

**NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27/08/2018, que se aprobou por unanimidade.

## **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

### **PRP2018/3776**

Dáse conta do convenio de cesión gratuíta indefinida ao Concello dos seguintes terreos por parte da **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea**, nas seguintes condicións:

a) Parcela con referencia catastral 2969209NH2126N0001GH, situada na Rúa de Aldea de Arriba, Castrogudín, Cea, co fin de que por parte do Concello se proceda á construcción dun muro para suxección do camiño que discorre pola parte superior, restauración do pozo existente e axardinamento da zona, incluída a colocación de tres bancos de pedra delimitando a propiedade e a plantación de arborado de escasa altura.

b) Parcela con referencia catastral 1559611NH2115N0001FK, situada na Rúa do Cristo, debendo o Concello destinar o terreo a zona de vial, asfaltando e acondicionando o mesmo de xeito que conte coa amplitude suficiente para que os vehículos de tracción mecánica poidan manobrar sen dificultade e cambiar de sentido na mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio de cesión, aceptando a cesión dos terreos e comprometéndose a executar as obras descritas no mesmo.

Dar conta ao Departamento de Rendas aos efectos de que procedan a realizar o cambio de titularidade catastral do citados terreos a favor do Concello.

### **PRP2018/3864**

Dáse conta do escrito presentado por D. Iván Villar Fernández, en representación de **Asociación cultural Encestarias**, solicitando autorización para levar a cabo a presentación do Torneo ACB o día 30 de agosto no cruce das Rúas Ramón y Cajal, Valentín Viiqueira e Alcalde Rey Daviña.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvimento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/3865**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co bloqueo dos camións de recollida de lixo na Rúa Vilaboa, que se produce con frecuencia debido ao estacionamento de vehículos a ambos lados da Rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalizar a prohibición de estacionamento cun sinal R-308 e unha liña continua de cor amarelo nunha marxe da rúa, permitindo o estacionamento na outra marxe.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

#### **PRP2018/3866**

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dun paso de peóns que dea continuidade á beirarrúa, na Avda. Rosalía de Castro (marxe dereito en sentido Carril), no cruce co acceso ao Museo do Ferrocarril, co fin de evitar que estacionen vehículos que dificulten o paso dos peóns.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez)

#### **PRP2018/3869**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Antonio Caeiro Rodríguez**, solicitando autorización para colocar dúas esculturas na vía pública, en Praza Ravella, diante do Concello ou Praza de Galicia, previsiblemente o martes 28 de agosto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberá realizar a solicitude con antelación suficiente indicando as datas concretas, e, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na misma.
- Durante o desenvolvimento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- A instalación das esculturas deberá estar debidamente revisada polos técnicos municipais, para evitar a caída sobre os peóns, xa que, se descoñece o peso, altura ou condicións nas que se pretende colocar.



#### **PRP2018/3871**

Visto o escrito remitido por Unión Fenosa Distribución, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se dea conta aos organizadores de eventos, verbenas, festas, etc, que deben formalizar a solicitude de instalación eléctrica temporal ante Unión Fenosa Distribución, debendo dispoñer ademais dun proxecto do evento, declaración responsable, seguro de responsabilidade civil, licenza e autorización nos casos en que sexa de aplicación, ao abeiro do disposto na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

#### **PRP2018/3873**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Manuel Santos Cao, SA** para o subministro de catro fundas para pistola, por un importe total de 119,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3874**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2018, de adxudicación á Empresa **Periféricos y Memorias España SL** do servizo de mantemento Enhanced IPM Service para o sistema de almacenamento EMC VNX 5200, figurando no mesmo, por un importe de 8.976,85 € (IVE incluído) e debendo figurar, por un importe de 10.861,99 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2018/3876**

Vista a proposta do Servizo de Mellora Rural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para a reparación do vehículo matrícula 5479-GJC (cambio aceito e filtros, revisar niveis, engrasar camion e guindastre e cambiar filtro secador), adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 729,41 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3877**

Vista a proposta do Servizo de Mellora Rural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para a reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU (revisar perdidas de hidráulico, reparar tubo válvula provisional, volver a desmontar e substituír por outro novo. Cambiar tubo prolonga e válvula botella elevación), adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 619,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3878**



Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2018”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bamio**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 8.000,00 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bamio, con cargo á partida 170.489.

#### **PRP2018/3895**

Visto o escrito de Dona Rocio Louzán Blanco, Presidenta do **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando autorización para realización da Campaña de Promoción comercial “A Volta ao Cole”, o día 7 de setembro de 2018, en horario de 17:00 ás 21:00 horas na Praza de Galicia, así como a colaboración municipal coa impresión de cartelería, colocación de cadre eléctrico e valado para delimitar a zona.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo cumplir as seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa colocación dun valado e posterior retirada; colocación de cadre eléctrico e impresión de 50 carteis publicitarios.

Dar conta aos Servizos Municipais de Obras, Electricidade e ÁREA de Comunicación.

#### **PRP2018/3917**

Dáse conta do escrito de **D. David de María Castellanos** solicitando autorización para a organización e realización do evento denominado SALÓN MOTOR OKASION AROUSA (IV Edición), do 9 ao 16 de outubro de 2018 no recinto Fexdega.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

#### **Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude**

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

#### **Antes do inicio da montaxe**

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se disponan as actuacións ante as diferentes emergencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a



elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.

- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.

- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

#### **Antes da inauguración do evento**

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.

Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

#### **Consideracións xerais**

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo

- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas

- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.

- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algúna.

#### **PRP2018/3918**

Vista solicitude de Dona M<sup>a</sup> Elena García Buján e/n **De Beber CB**, titular do establecemento “GAEL”, situado na AVDA. Mariña nº 90-BX, así como o informe incorporado ao expediente emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de veran**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECIMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERRA DE FESTIVOS
17/18-AMP.	CAFÉ-BAR GAEL	DE BEBER CB	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02,30 hs. a 03,30 hs.	Pasa de 03,00 hs. a 04,00 hs.



A citada autorización abarcaría o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, ambos incluídos, por tratarse dun municipio turístico e de período de máxima afluencia.

#### **PRP2018/3919**

Dáse conta do informe do Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de **D. Manuel López Chenlo**, no lugar de Av. Rosalía de Castro nº 199, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, ao edificio ou vivenda, e á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, na Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e na Orde de 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumple os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2013-2016. (Expte. ARRU-CAR.06/2018)

#### **PRP2018/3920**

Dáse conta do informe do Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Casco Vello, a instancia de **Dona Luz Franco Ces**, no lugar de Rúa Méndez Núñez nº 54-4º Esq, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións, ao edificio ou vivenda, e á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos do Plan Estatal 2013-2016, ao abeiro dos acordos da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Vilagarcía, para o financiamento das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana dos núcleos de Carril, Vilaxoán e Casco Vello, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, na Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e na Orde de 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumple os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2013-2016.

Faise constar que antes da proposta de cualificación definitiva a propietaria deberá aportar un acordo da Comunidade de Propietarios que autorice o modelo, configuración, material e cor das carpinterías exteriores, co fin de respectar a uniformidade estética da fachada do edificio (elemento común), tal e como sinala o Código Civil e a Lei de Propiedade Horizontal.

Así mesmo, neste acordo a Comunidade de Propietarios deberá renunciar a percibir calquera derecho ou contraprestación económica derivada da subvención solicitada pola propietaria da vivenda situada na Rúa Méndez Núñez nº 54-4º Esq. (Expte. ARRU-C.VELLO.02/2018)



#### **PRP2018/3921**

Dáse conta do informe do Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na ÁREA de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Dona Liliana Otero Pacheco, e/n **C.P. Travesía Cervantes 2**, no lugar de Travesía Cervantes 2, que indica que:  
No marco do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, na Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e na Orde de 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

A solicitude de subvención realizada pola **CP Travesía Cervantes 2** con CIF nº H-36550705, na data de 12/01/2018, non pode ser tramitada ao abeiro deste Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana, debido a que o edificio se atopa situado fora do ámbito da actuación da ÁREA de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo de Carril, declarada pola Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2007. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a subvención, en cumprimento do art. 16 da Orde de 23 de xuño de 2017 e demais normativa de aplicación.

#### **PRP2018/3922**

Dáse conta da solicitude de Dona M<sup>a</sup> Dolores Couso Rodríguez, en representación da **Comisión de Festas Virxe do Carme de Vilaxoán**, con motivo da celebración das Festas do Rosario en Vilaxoán, do 5 ao 8 de outubro de 2018.

Estes eventos dada a característica de festas patronais, celébranse no casco urbano do Vilaxoán, transcorren parcialmente ou teñen lugar en terreos portuarios dependentes do organismo Portos de Galicia.

Derivada da ocupación de terreos portuarios o organismo citado, liquida taxas á comisión organizadora do evento que na maioría dos casos ascenden a unhas contías mínimas e inferiores a 100€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Portos de Galicia:

O Concello na súa condición de colaborador con medios humanos, materiais e outros, comprométese con carácter subsidiario ao pagamento das taxas que se liquiden por ese concepto en caso de impago das mesmas, con motivo das Festas do Rosario.

Así mesmo o Concello considera que este compromiso conllevará a non esixencia de garantías á comisión de festas.

#### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

##### **Benestar Social**

###### **PRP2018/3888**

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cruz Vermella de Vilagarcía de Arousa**", por un importe de 84.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para a xestión de mantemento do Albergue de Transeúntes de Cruz Vermella do Salnés, destinado a persoas sen fogar e transeúntes, durante o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

###### **PRP2018/3889**

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cruz Vermella de Vilagarcía de Arousa**", por un importe de 6.600,00 € con cargo á partida



231.48002, para as actuacións e actividades dirixidas a paliar situacións de emerxencia social de carácter urgente e inmediato, durante o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

#### **PRP2018/3892**

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana por importe de 30.180 euros, ao abeiro da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).

#### **Emprego**

##### **PRP2018/3893**

Dáse conta de notificación da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da consellería de Economía, Emprego e Industria, da concesión de subvención por importe de 25.000,00 € para a contratación de 1 persoa técnica, para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

##### **PRP2018/3894**

Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello, relativa á contratación laboral de trinta e seis traballadores/as a tempo completo por un período de 9 meses e se autoriza o pago a este Concello do importe de 159.634,85 € (50%), en concepto de aboamento do segundo anticipo pola continuidade da actividade, unha vez transcorrido a metade do prazo de duración dos contratos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

##### **PRP2018/3896**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Cristina Medina Castro**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

##### **PRP2018/3897**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por Dona M<sup>a</sup> Angeles González Vázquez, en representación de **Academia Studium CB**.



Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.500,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/3898**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **D. Marcos Gil Rubianes**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/3923**

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 23 de xullo de 2018, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local para o exercicio de 2018.

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1º.- Aprobar a solicitude dunha subvención, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo 35% dos custos laborais totais, por un importe total de 14.570,14 €.

2º.- Facer constar que o Concello financiará a parte dos custos non subvencionada por esta Consellería que ascende á cantidade de 27.058,82 €, sendo o custe total de 41.628,96 €.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/3902**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a xestión, organización e execución do XIX Concurso de Debuxo Escolar e XX Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo á **Agrupación Micolólica de Vilagarcía “A Cantarela”** por un importe total de 1.660,00 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Concurso de Debuxo Escolar: 1.240,00 €
- Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo: 420,00 €

#### **PRP2018/3903**

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 21, 22 e 23 de setembro durante todo o día, para a celebración dunha actividade multidisciplinar MercArt do programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a colaboración coa cesión de 40 mesas, 10 cadeiras e 50 carteis.



Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Área de Comunicación.

#### **PRP2018/3904**

Vista a solicitude de **D. Augusto Guedes Castro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias e Seminario 1 do Auditorio Municipal, os martes dende o 25 de setembro de 2018 ata o 11 de xuño de 2019, en horario de 19:30 a 20:30 horas, para a realización da actividade “Martes Arte”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Seminario 1: Días 25 de setembro e 23 de outubro.
- Sala de Conferencias: Os restantes martes dentro das datas indicadas.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

**A presente autorización concédese co carácter de precario, quedando sen efecto a mesma no caso de que por parte do Concello se necesite a utilización da citada instalación, polo que deberían modificar a data para o desenvolvemento da actividade.**

#### **PRP2018/3905**

Vista a solicitude de Dona Catherine Sánchez Navia, en representación de **AC Cantareiras Bulideiras**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de setembro de 2018 durante todo o día, para a celebración do 5º Aniversario coa celebración do IV Festival, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa impresión de cartelería (50 carteis)

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunicáseelle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).



#### **PRP2018/3940**

Vista a solicitude de **Asociación Comisión Santa María de Guillán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Santa María de Guillán o vindeiro día 8 de setembro de 2018:

- Actuación do Grupo de Gaitas e Baile da Asociación Cultural e Deportiva Fonte Fría por un importe de 315,00 €.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

##### **PRP2018/3907**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Iria López Baltar** para o “Estudo e colocación de cartelería para a posta en valor dos cruceiros de Vilagarcía de Arousa”, por un importe total de 16.761,53 € (IVE incluído), con cargo á partida 336.61900 (Proxecto 2 nº 01/25/18)

Dado que para a citada actuación se concedeu pola Dirección de Turismo de Galiza unha subvención, comunícasel que o prazo para a execución e xustificación do investimento remata o 20 de outubro de 2018 (inclusive).

##### **PRP2018/3908**

Dáse conta do informe emitido pola Secretaría Xeral, seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de maio de 2016 adxudicou á Empresa Ferrovial Servicios S.A. o contrato de servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 1.092.385,88€ (con IVE), cun prazo de execución de 2 anos, a contar dende o día 1 de novembro de 2016, data do comezo do servizo.

O prego de condicións que rexeu a adxudicación contempla por mutuo acordo das partes a prorroga do prazo de concesión ata un máximo de 4 anualidades. Polo tanto de prorrogarse o contrato este remataría o 1 de novembro de 2020.

Con data 19 de decembro de 2017 Ferrovial Servicios S.A. comunica a renuncia a prorrogar o citado contrato, fixando como data de finalización o 31 de outubro de 2018.

Na actualidade estase elaborando por parte do Departamento de Contratación xunto co Departamento de Servizos Sociais un novo prego de prescripcións administrativas e técnicas coa finalidade de licitar de novo o Servizo de Axuda no fogar.

Polo número de horas anuais que se están estudiando para incrementar o Servizo de Axuda no fogar, debido ao reforzo que dende a Xunta de Galicia se está realizando, habilitando un número a maiores de 16.713 horas anuais, o que implicará un aumento do importe da licitación e a necesidade da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

De elevarse ao Pleno da Corporación o prego de condicións a finais do mes de setembro, necesitarase como mínimo entre 3 e 6 meses de trámites precisos ata a adxudicación do servizo e subrogación do persoal.

En canto á situación na que queda o servizo mentres se contrata ao novo adxudicatario, cabería invocar tanto o artigo 35 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado polo RDL 3/2011 de 14 de novembro, como o actual artigo 42 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se dispón que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise o grave trastorno para o servizo público



poderá dispoñerse a continuación do contrato baixo as mesmas cláusulas ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar a **Ferrovial Servicios S.A.** a necesidade da continuidade do devandito contrato ata a aprobación polo Pleno da Corporación dos pregos de condicións administrativos e técnicos que rexerán a licitación do Servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da empresa adxudicataria do servizo de Axuda no fogar, e polo tanto acórdase autorizar a continuidade transitoria baixo as mesmas cláusulas do contrato vixente, ata a adxudicación do novo contrato.

#### **PRP2018/3909**

